

INFORMACION XERAL

1. Quen pode ser beneficiario das axudas desta convocatoria?

Poderán ser beneficiarios destas subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos na convocatoria, os Organismos de Investigación de Galicia que teñan constituída unha unidade mixta de investigación cunha empresa

2. Que entidades se considerarán organismos de investigación de Galicia?

Considéranse organismos de investigación as entidades, con independencia da súa personalidade xurídica (de dereito público ou privado) ou forma de financiamento, cuxo principal obxectivo sexa realizar de maneira independente investigación fundamental, investigación industrial ou desenvolvemento experimental e difundir amplamente os resultados destas actividades mediante o ensino, a publicación ou a transferencia de coñecementos. Cando unha entidade deste tipo leve a cabo tamén actividades económicas, o financiamento, os custes e os ingresos de ditas entidades deberán contabilizarse por separado. Ademais, as empresas que poidan exercer unha influencia decisiva en ditas entidades, por exemplo, en calidade de accionistas ou membros, poderán non gozar de acceso preferente aos resultados que xere.

Así, no marco desta resolución consideraranse organismos de investigación:

- Os Centros tecnolóxicos e de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia
- As Universidades do sistema universitario galego
- Os Centros en Galicia do Consello Superior de Investigacións Científicas
- Os Centros en Galicia do Instituto Español de Oceanografía
- As Fundacións de investigación sanitaria de Galicia
- Outros organismos de investigación de Galicia

3. Poderá participar máis dunha empresa na unidade mixta de investigación?

Excepcionalmente, poderá formar parte da unidade mixta unha segunda empresa cando exista unha complementariedade xustificada e unha participación equilibrada co resto de entidades participantes na mesma. Neste caso, as dúas empresas participantes na unidade mixta deberán pertencer ao mesmo grupo empresarial.

4. Cales deben de ser as áreas de investigación das unidades mixtas que se presentan?

É requisito da convocatoria que as áreas de investigación das unidades mixtas propostas estean aliñadas cos retos e prioridades da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 RIS3.

5. A efectos da convocatoria, cal é a duración mínima dunha unidade mixta?

A efectos da convocatoria a duración mínima dunha unidade mixta deberá de ser de 3 anos (2015-2018), entendendo que:

Para as unidades mixtas de nova creación:

Data de Inicio	Data fin duración mínima
Data de sinatura do acordo de constitución (non poderá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2015 nin posterior ao prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte á data de publicación no DOG da correspondente resolución de concesión)	31/10/2018

Para as unidades mixtas xa existentes

Data de Inicio	Data fin duración mínima
Data de sinatura do compromiso de impulso-consolidación (non poderá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2015 nin posterior ao prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte á data de publicación no DOG da correspondente resolución de concesión)	31/10/2018

6. Como se distribúe a axuda de GAIN en relación a duración mínima da unidade mixta de investigación?

Pagamentos Axuda GAIN	Ano 2015	Ano 2016	Ano 2017	Ano 2018
Períodos realización gastos e pagamentos	Inicio* a 31/10/2015	1/11/2015 a 31/10/2016	1/11/2016 a 31/10/2017	1/11/2017 a 31/10/2018
Duración mínima da unidade mixta	1º Ano		2º Ano	
	2015-2016		2016-2017	
	3º Ano			2017-2018

*Inicio:

Unidades mixtas de nova creación: A data de inicio do período mínimo de duración de 3 anos da unidade mixta será a data de sinatura do acordo de constitución da unidade (non anterior ao 1 de xaneiro de 2015 nin posterior ao prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte á data de publicación no DOG da correspondente resolución de concesión)

Unidades mixtas xa existentes: A data de inicio do período mínimo de duración de 3 anos da unidade mixta será a data de sinatura do compromiso de impulso-consolidación da unidade (non anterior ao 1 de xaneiro de 2015 nin posterior ao prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte á data de publicación no DOG da correspondente resolución de concesión)

7. Como se acredita a existencia dunha unidade mixta ?

As unidades mixtas de nova creación acreditaranse mediante acordo escrito asinado entre as partes. A data deste acordo non poderá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2015 nin posterior ao prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte á data de publicación no DOG da correspondente resolución de concesión. Esta data marcará o inicio do período mínimo de duración de 3 anos da unidade mixta.

As unidades mixtas xa existentes acreditaranse mediante o acordo escrito asinado entre as partes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2015, acompañado do compromiso de impulso-consolidación da unidade. A data de sinatura deste compromiso non poderá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2015 nin posterior ao prazo de 20 días hábiles a partir do día seguinte á data de publicación no DOG da correspondente resolución de concesión. Esta data marcará o inicio do período mínimo de duración de 3 anos da unidade mixta.

8. Que constitúe o orzamento dunha unidade mixta de investigación?

Orzamento Unidade = Achega empresa + Achega organismo de investigación + Axuda GAIN

A efectos da convocatoria, o orzamento da unidade definirase para un marco temporal de 3 anos (2015-2018) e deberá cumprir os seguintes requisitos:

Orzamento total mínimo (2015-2018)	2.000.000 €
Achega da empresa (2015-2018)	- Importe mínimo de 1.000.000 € - Valor medio mínimo do 40% do orzamento total da unidade mixta
Axuda GAIN (2015-2018)	- Valor medio do 30% do orzamento total de unidade

9. As unidades mixtas deben ter algún orzamento mínimo?

O orzamento mínimo da unidade mixta deberá de ser de 2.000.000 de euros para un marco temporal de 3 anos.

A achega da empresa ao orzamento da unidade mixta deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Ter un importe mínimo de 1.000.000 € para un marco temporal de 3 anos.
- Ter un valor medio mínimo do 40% do orzamento total da unidade para un marco temporal de 3 anos.

Estes requisitos mínimos serán de imprescindible cumprimento no momento da resolución de concesión. No caso de que á finalización da duración da unidade mixta de investigación se comprobe algunha desviación nestes requisitos e sempre que se respecten como mínimo os límites sinalados na táboa que segue, a Axencia Galega de innovación poderá resolver a viabilidade da unidade mixta, despois de estudar as circunstancias que orixinaron o incumprimento destes requisitos mínimos, sempre que un informe técnico avale o correcto desenvolvemento das actuacións previstas e a consecución dos fins para os que se concedeu a subvención.

	Importes mínimos
Orzamento mínimo da unidade mixta	1.500.000,00 €
Achega da empresa ao orzamento da unidade mixta	750.000,00 € e 40% do orzamento total da Unidade Mixta

10. De qué tipo poderá ser a achega da empresa ao orzamento da unidade mixta

A achega da empresa ao orzamento da unidade mixta deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Ter un importe mínimo de 1.000.000 € para un marco temporal de 3 anos (2015-2018)
- Ter un valor medio mínimo do 40% do orzamento total da unidade para un marco temporal de 3 anos (2015-2018)

Esta achega poderá ser do tipo:

1. Monetaria: Transferencias ao organismo de investigación para actividades da unidade mixta de investigación. O importe de ditas transferencias será destinado polo organismo de investigación ao financiamento en exclusiva das actividades da unidade mixta e poderá incluír o tipos de gasto descritos no artigo 4.6 da convocatoria. O importe de ditas transferencias será destinado polo organismo de investigación ao financiamento en exclusiva das actividades da unidade mixta e poderá incluír os seguintes tipos de gasto:

- Persoal adicional científico-técnico para actividades de I+D+i contratado polo organismo de investigación para a realización, con carácter exclusivo (100%), de actividades da unidade mixta e que no momento da contratación non teña vinculación laboral co organismo de investigación e non a tivera coa empresa integrante da unidade no último ano.
- Persoal propio científico-técnico do organismo de investigación, unicamente cando este persoal teña unha dedicación mínima anual ás actividades da unidade mixta do 50%. No caso dos organismos públicos de investigación, das universidades públicas, ou en xeral dos organismos públicos con orzamentos consolidables, non se considerarán os custos do persoal fixo que xa estean cubertos polas dotacións previstas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou nas Leis de Orzamentos da Comunidade Autónoma.
- Adquisición, actualización e mantemento de equipamento científico-tecnolóxico.

Dentro deste apartado considerárase:

A adquisición de equipos novos de carácter científico e técnico e que vaian a utilizarse en para actividades de I+D+i.

A instalación do equipamento sempre e cando sexa estritamente necesaria para a súa posta en funcionamento.

As licenzas e renovacións de licenzas de software se son de uso específico para as actividades de I+D+i da unidade mixta e non de uso xeral.

O mantemento de equipos con un custe mínimo de adquisición de 12.000 euros sen IVE (ao valor de compra dos aparatos aplicaráselle un 10% anual de amortización, reducíndose por tanto o seu custe real actual en dita porcentaxe). Estes gastos poderán ser imputados co límite máximo do 5% da achega monetaria da empresa e na porcentaxe de dedicación real ás actividades da unidade mixta.

- Servizos tecnolóxicos externos

- Adquisición de patentes
- Material funxible Os gastos de material de oficina e consumibles non se engloban neste concepto por ter a consideración de gastos xerais.
- Subcontratacións con organismos de investigación/empresas non vinculadas aos integrantes da unidade mixta, precisas para o desenvolvemento das actividades da mesma. As subcontratacións non poderán superar o 50% da achega monetaria da empresa e deberán estar debidamente pormenorizadas e xustificadas.
- Gastos estruturais coa finalidade de axustar os custes reais das actividades realizadas na unidade mixta de investigación, cos fondos achegados pola empresa integrante da unidade, aos prezos de mercado. Estes custes poderán ser imputados co límite do 20% da achega monetaria da empresa.
- Actuacións de promoción e difusión da unidade mixta. Estes gastos poderán ser imputados co límite máximo do 5% da achega monetaria da empresa.
- Custos de formación do persoal adscrito á unidade mixta.
- Axudas de custo por desprazamento.

2.En especie:

- Persoal adicional científico-técnico para actividades de I+D+i contratado pola empresa para desenvolver a súa actividade nas dependencias da unidade mixta e que no momento da contratación non teña vinculación laboral coa empresa nin a tivese no último ano. Anualmente, este persoal deberá ter unha dedicación mínima ás actividades da unidade mixta do 50%.
- Persoal propio científico-técnico da empresa desprazado a Galicia para desenvolver a súa actividade nas dependencias da unidade mixta e que durante o último ano tivera o seu centro de traballo fóra da comunidade autónoma galega. Anualmente, este persoal deberá ter unha dedicación mínima ás actividades da unidade mixta do 25%.
- Equipamento e material instrumental de nova adquisición, indispensable para a realización das actividades da unidade mixta, co límite do 25% da achega da empresa
- Material funxible co límite do 15% da achega da empresa. Os gastos de material de oficina e consumibles non se engloban neste concepto por ter a consideración de gastos xerais.
- Subcontratacións con organismos de investigación/empresas non vinculadas aos integrantes da unidade mixta, precisas para o desenvolvemento das actividades da mesma. As subcontratacións non poderán superar o 25% da achega da empresa e deberán estar debidamente pormenorizadas e xustificadas.

A achega da empresa non poderá proceder doutras axudas recibidas da Xunta de Galicia ou cofinanciadas pola mesma.

11. De qué tipo poderá ser a achega do organismos de investigación ao orzamento da unidade mixta?

Esta achega poderá ser do tipo:

- Persoal adicional científico-técnico para actividades de I+D+i contratado polo organismo de investigación para desenvolver a súa actividade nas dependencias da unidade mixta e que no momento da contratación non teña vinculación laboral co organismo de investigación e non a tivera coa empresa integrante da unidade mixta no último ano.
- Persoal propio científico-técnico do organismo de investigación que desenvolviera a súa actividade nas dependencias da unidade mixta. No caso dos organismos públicos de investigación, das universidades públicas, ou en xeral dos organismos públicos con orzamentos consolidables, non se considerarán os custos do persoal fixo que xa estean cubertos polas dotacións previstas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou nas Leis de Orzamentos da Comunidade Autónoma.
- Adquisición, actualización e mantemento de equipamento científico-tecnolóxico.

Dentro deste apartado considerárase:

A adquisición de equipos novos de carácter científico e técnico e que vaian a utilizarse en para actividades de I+D+i.

A instalación do equipamento sempre e cando sexa estritamente necesaria para a súa posta en funcionamento.

As licenzas e renovacións de licenzas de software se son de uso específico para as actividades de I+D+i da unidade mixta e non de uso xeral.

O mantemento de equipos con un custe mínimo de adquisición de 12.000 euros sen IVE (ao valor de compra dos aparatos aplicaráselle un 10% anual de amortización, reducíndose por tanto o seu custe real actual en dita porcentaxe). Estes gastos poderán ser imputados co límite máximo do 5% da achega do organismo de investigación e na porcentaxe de dedicación real ás actividades da unidade mixta.

- Subcontratacións con organismos de investigación/empresas non vinculadas aos integrantes da unidade mixta, precisas para o desenvolvemento das actividades da mesma. As subcontratacións non poderán superar o 20% da achega do organismo de investigación e deberán estar debidamente pormenorizadas e xustificadas.

A achega do organismo de investigación non poderá proceder doutras axudas recibidas da Xunta de Galicia ou cofinanciadas pola mesma.

12. Quen actuará de responsable da unidade mixta?

A unidade mixta designará un investigador principal que actuará de representante da mesma e será persoal do organismo de investigación solicitante.

13. Existe algunha limitación xeográfica para a localización das dependencias da unidade mixta?

Si, a unidade mixta unicamente poderá estar localizada en Galicia.

A unidade mixta poderá ocupar dependencias do organismo de investigación ou da empresa e incluso poderá ter sede en ambas entidades, sempre e cando estea fisicamente diferenciada das entidades que nela participan.

14. Cal e a modalidade destas axudas?

As axudas desta convocatoria concederanse en forma de subvencións para un marco temporal de 3 anos (2015-2018), establecéndose unha intensidade media de axuda dun 30% do orzamento da unidade mixta co límite de 1.500.000 €.

15. Son compatibles as axudas da Axencia Galega de Innovación previstas na convocatoria con outras?

Serán incompatibles con calquera outras destinadas ao mesmo fin, agás as achegas realizadas polas entidades participantes na unidade mixta previstas na convocatoria (artigo 14).

16. De onde non poden proceder as achegas da empresa e do organismo de investigación ao orzamento da unidade mixta?

As achegas da empresa e do organismo de investigación ao orzamento da unidade mixta de investigación NON poderán proceder de axudas procedentes da Xunta de Galicia ou cofinanciadas pola mesma. Neste sentido, as axudas do programa INTERCONNECTA non poderán ser consideradas como achega da empresa por estar cofinanciadas pola Xunta de Galicia.

CONCEPTOS SUBVENCIONABLES (artigo 5 convocatoria)

17. Qué se consideran gastos subvencionables?

Terán a consideración de gastos subvencionables, aqueles gastos realizados polo organismo de investigación para as actividades da unidade mixta con cargo á axuda concedida pola Axencia Galega de Innovación e que respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento das actuacións para as que foron concedidos.

18. Con carácter xeral que conceptos serán subvencionables?

Aqueles que se axusten aos distintos conceptos subvencionables descritas no artigo 5 da convocatoria debendo ademais responder á natureza da actividade subvencionada e ser estritamente necesarios para o desenvolvemento das actividades da unidade mixta para o que foron concedidos.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

19. Cal sería a distribución dos gastos da unidade mixta (achega empresa+achega organismo de investigación + axuda GAIN) por anualidades?

Ano 2015	Unidades mixtas de nova creación: Desde a data de sinatura do acordo de constitución da unidade mixta (artigo 4.3 convocatoria) ata 31 de outubro de 2015 Unidades mixtas xa existentes: Desde a data de sinatura do compromiso de impulso/consolidación da unidade mixta (artigo 4.3 convocatoria) ata 31 de outubro de 2015
Ano 2016	Desde o 1 de novembro de 2015 ata o 31 de outubro de 2016
Ano 2017	Desde o 1 de novembro de 2016 ata o 31 de outubro de 2017
Ano 2018	Desde o 1 de novembro de 2017 ata o 31 de outubro de 2018

20. Que tipos de custes de persoal son subvencionables?

Serán subvencionables os custos de persoal propio do organismo de investigación, unicamente cando este persoal teña unha dedicación mínima do 50% ás actividades da unidade mixta.

No caso dos organismos públicos de investigación, das universidades públicas, ou en xeral dos organismos públicos con orzamentos consolidables, non se subvencionarán os custos do persoal fixo que xa estean cubertos polas dotacións previstas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou nas Leis de Orzamentos da Comunidade Autónoma.

Tamén será subvencionable o persoal de nova contratación (investigadores, técnicos e demais persoal auxiliar) que contrate o organismos de investigación para a realización, con carácter exclusivo (100%), de actividades da unidade mixta e que no momento da contratación non teña vinculación laboral co organismos de investigación e non a tivera coa empresa integrante da unidade mixta no último ano.

21. Poden incluírse custes de equipamento e material instrumental de equipos adquiridos polo organismo de investigación con anterioridade a data de sinatura do acordo de constitución da unidade mixta (unidades novas) ou do compromiso de impulso-consolidación (unidades xa existentes)?

Non, so poden imputarse ao desenvolvemento das actividades da unidade mixta os custes de equipamento e material instrumental novo, adquirido trala sinatura do acordo de constitución da unidade mixta (unidades novas) ou do compromiso de impulso-consolidación (unidades xa existentes)

22. Poden incluírse custes de mantemento de equipos?

Si, sempre que sexa o mantemento de equipos con un custe mínimo de adquisición de 12.000 euros sen IVE (ao valor de compra dos aparatos aplicaráselle un 10% anual de amortización, reducíndose por tanto o seu custe real actual en dita porcentaxe). Estes gastos poderán ser imputados co límite máximo do 5% da axuda concedida pola Axencia Galega de Innovación e na porcentaxe de dedicación real ás actividades da unidade mixta.

23. Poderá incluírse como gasto a instalación de equipamento?

Si, sempre e cando sexa estritamente necesaria para a posta en funcionamento do equipamento.

24. Que gastos non poderán incluírse no apartado de adquisición, actualización e mantemento de equipamento científico-tecnolóxico?

Neste apartado non se considerarán os seguintes gastos:

-Instalacións de edificios (electricidade, climatización, redes de telecomunicacións...) e as que non sexan estritamente necesarias para o funcionamento de equipamento científico e técnico.

- Equipamento para espazos ou usos alleos ás actividades de I+D da unidade mixta, como zonas de administración ou xestión, salas de reunións, despachos, mobiliario de oficina...

- Licenzas de software xeral.

25. As licenzas e renovacións de licenzas de software en que partida de gasto deberían contemplarse?

As licenzas e renovacións de licenzas de software atópanse dentro da categoría de material inventariable e considéranse gastos subvencionables se son de uso específico para as actividades de I+D+i da unidade mixta e non de uso xeral.

26. Admítense os custes de leasing?

Sí sempre e cando se cumplan os seguintes requisitos:

- Deberá existir un compromiso oficial por escrito de adquisición do activo ao remate do contrato de leasing.
- Soamente serán subvencionables os custos na medida e durante o período que se dediquen as actividades da unidade mixta.
- As cotas de arrendamento deberán comezar con posterioridade á data de inicio do período mínimo de duración da unidade mixta prevista no artigo 4.3 da convocatoria e só se poden imputar as cotas pagadas dentro do período de xustificación establecido na mesma.

27. Existe un tope máximo que pode subcontratarse a outros organismos de investigación e empresas?

Sí, o 50% da axuda concedida pola Axencia Galega de Innovación

28. Pode o organismo de investigación beneficiario subcontratar a outra entidade vinculada coas entidades participantes na unidade mixta?

Excepcionalmente, en aplicación do artigo 27.7 da Lei de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar a subcontratación de entidades vinculadas co organismo de investigación beneficiario cando sexa imprescindible para a execución das

actividades da Unidade Mixta e sempre que se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

29. Ademais de non poder subcontratar a unha entidade vinculada cos participantes na unidade mixta (agás excepción artículo 27.7 da Lei de subvencións de Galicia), existe algunha outra limitación?

Si, en ningún caso o beneficiario poderá subcontratar con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalguna das prohibicións que se recollen no artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades solicitantes de axuda na mesma convocatoria que non obtivesen subvención por non reunir os requisitos ou non alcanzar a valoración suficiente.
- e) Persoas ou entidades nas que concorran algunhas das circunstancias detalladas no artigo 43.2 do Decreto 11/2009, sen prexuízo da excepción regulada no parágrafo seguinte en relación coas entidades vinculadas.

Excepcionalmente, en aplicación do artigo 27.7 da Lei de subvencións de Galicia, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar a subcontratación de entidades vinculadas co organismo de investigación beneficiario cando sexa imprescindible para a execución das actividades da Unidade Mixta e sempre que se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

30. Cal é a diferenza entre custes de subcontratación e custes de servizos tecnolóxicos externos?

A subcontratación supón unha execución parcial das actividades da unidade mixta e os custes de servizos tecnolóxicos externos son para actividades que se presten de forma puntual, tales como: análises e ensaios de laboratorio, enxeñaría para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, consultarías, asistencia técnica e servizos equivalentes.

31. Serían subvencionables os materiais de oficina e os consumibles informáticos?

Si, no concepto de gastos xerais nunca no de material funxible.

32. Cando deben solicitarse tres ofertas?

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá presentar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación de servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo

que o gasto fora realizado con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse na xustificación, deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Non obstante, no caso de que o organismo de investigación beneficiario reúna os requisitos previstos no artigo 3.3 b) do texto refundido da Lei de contratos do sector público terá a consideración de poder adjudicador e, por tanto, deberá someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.

Así mesmo para aqueles organismos de investigación beneficiarios que formen parte do ámbito de aplicación da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico seralles de aplicación o disposto no artigo 23 do citado texto legal, no que se establece a obrigatoriedade de invitar para a formulación de ofertas a lo menos a tres empresas, sempre que sexa posible, para os contratos menores (excluídos os de obras) de importe superior a 9.000 euros.

33. Son subvencionables os gastos xerais?

Si, os gastos xerais da unidade mixta que teñan por obxecto garantir o funcionamento da mesma (consumo eléctrico, consumo de auga, teléfono, internet...) poderán ser imputados na parte que razoablemente corresponda ata un máximo do 4% do orzamento da unidade mixta de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realicen as actividades.

34. Son subvencionables os custes de viaxes ou desprazamentos?

Si, sempre que se precisen para o desenvolvemento das liñas de investigación da unidade mixta e correspondan ao persoal adscrito á mesma.

35. Son subvencionables os custes de difusión e promoción da unidade mixta?

Si, co límite do 5% da axuda concedida.

36. É obrigatorio a realización de actividades de difusión e promoción da unidade mixta?

Si, durante a vixencia da axuda, será obrigatorio a realización con carácter anual de como mínimo unha destas actividades na que se difunda as experiencias de colaboración (singularidades, capacidades e fortalezas) e os avances realizados e resultados obtidos a través da figura das unidades mixtas así como o apoio da Axencia Galega de Innovación e o Ministerio de Economía y Competitividad no marco da Estratexia Española de Innovación en Galicia.

37. Son subvencionables os custos de formación?

Si, serán subvencionables os custos de formación do persoal adscrito á unidade mixta de investigación (inscripción, matrícula, desprazamentos, contratación entidade docente no caso de formación específica contratada polo organismo de investigación especificamente para a unidade mixta...)

SOLICITUDE

38. Cal será a forma de entrega da solicitude?

As solicitudes serán presentadas preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia:

<https://sede.xunta.es>

Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou na páxina web da Axencia Galega de Innovación <http://gain.xunta.es>.

39. Como se accederá á aplicación da sede electrónica? Poderán utilizarse claves de acceso?

Non, so se pode acceder á aplicación co certificado dixital do representante legal da entidade solicitante. Non se poderá acceder de ningún outro xeito, nin existirá clave algunha de acceso que se poida compartir.

40. Cal é o prazo de presentación das solicitudes?

Ata o **23 de marzo de 2015**, un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderse que o prazo expira o derradeiro día do mes.

41. Cal é o funcionamento básico da aplicación?

Unha vez iniciada unha solicitude o solicitante poderá gardala como borrador na súa carpeta do cidadán sempre e cando se cubra a información mínima (Razón e NIF da entidade solicitante) e continuar noutro momento con ela mentres estea aberto o prazo de solicitude: ata as 23:59 do 23 de marzo de 2015.

42. Cal debe ser o contido da solicitude?

Ademais dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica será necesario achegar á aplicación:

O acordo de constitución da unidade mixta asinada polas entidades participantes nela . As unidades mixtas de nova creación que non teñan asinado o acordo de constitución no momento de presentación da solicitude de axuda deberán presentar unha declaración asinada polas entidades participantes na que manifestan a súa intención de constituír a unidade mixta atendendo aos requisitos da convocatoria.

As unidades mixtas xa existentes deberán acompañar ao acordo de constitución un compromiso de impulso-consolidación da unidade que estará asinado polas partes. As unidades mixtas que non teñan asinado o citado compromiso no momento de presentación da solicitude de axuda deberán presentar unha declaración asinada polas entidades participantes na que manifestan a súa intención de impulsar e consolidar a unidade mixta atendendo aos requisitos da convocatoria.

As solicitudes que se presenten en soporte papel, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia ou na páxina web da Axencia Galega de Innovación <http://gain.xunta.es>, achegaran orixinal ou copia compulsada da documentación sinalada.

43. Cómo debe achegarse a documentación complementaria?

A documentación complementaria poderá presentarse electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante ou representante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e 22.3 do Decreto 198/2010 polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

A documentación complementaria tamén poderá presentarse en formato papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As copias dos documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

44. Pode non autorizarse a consulta de estar o corrente coa Seguridade Social, AEAT e Consellería de Facenda?

O feito de presentar a solicitude implica a autorización á Axencia Galega de Innovación para solicitar as certificacións destas consultas que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente este consentimento a través dunha declaración do seu representante legal, debendo presentar entón as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

45. Pode presentarse unha declaración responsable de estar ao corrente coa Seguridade Social, AEAT e Consellería de Facenda en lugar dos correspondentes certificados?

No, agás aquelas entidades comprendidas no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia.

46. A memoria da unidade mixta de investigación ten algún tipo de formulario normalizado?

Si, o publicado como anexo III da convocatoria

47. -A memoria da unidade mixta que debe achegarse na solicitude pode facerse en calquera das linguas oficias da Comunidade Autónoma Galega?

Si, pode entregarse tanto en galego como en castelán.

48. É necesario entregar documentación que xa estea en poder da Administración?

Segundo o disposto no artigo 35.f) da lei 30/1992 e no artigo 20.3 da lei 9/2007 así como no artigo 9.3) da convocatoria, non será necesaria a entrega da documentación que estea xa en poder da administración actuante, sempre que se manteña vixente, non transcorresen máis de cinco anos dende a finalización do procedemento a que corresponda e se identifique no formulario de solicitude: data e o órgano en que foi presentada. dita documentación e código de procedemento

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade solicitante a súa presentación, ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos ao que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

49. Que é a sede electrónica?

A sede electrónica da Xunta de Galicia, accesible a través da dirección electrónica <https://sede.xunta.es>, é o medio a través do cal vostede pode exercer o seu dereito de acceso á información e aos servizos electrónicos que o goberno galego pon á súa disposición nela, entre eles a iniciación de trámites, a consulta do estado de expedientes ou a comprobación do Código de Verificación Electrónica dos documentos (CVE). Así mesmo, ofrece tamén información relacionada co seu funcionamento e outras utilidades que permiten facer unha mellor utilización do que ofrece (descargas, consultas, suxestións e queixas...).

Esta sede crease e régúlese polo Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes e cumpre tamén con todo o disposto na Ley 11/2007, del 22 de junio, de acceso electrónico de los ciudadanos a los Servicios Públicos, que recoñece o dereito dos cidadáns a relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos, obrigando a estas a garantir este dereito.

50. É seguro empregar os servizos desta sede?

A comunicación entre o/a cidadán e esta sede prodúcese en condicións totalmente seguras e fiables. Para isto, entre outras accións, emprégase un protocolo seguro de comunicacións (https) co que se logran conexións máis seguras na rede.

A sede, ademais, utiliza un [Certificado de Sede](#), un dispositivo que permite garantir a identidade da Xunta de Galicia. Para realizar trámites e comprobar o estado dos seus expedientes, vostede debe dispoñer dun certificado electrónico, o medio máis seguro para identificarse nas operacións que se realizan a través da rede e que garante en todo momento a identidade das dúas partes implicadas. Tamén convén lembrar que os documentos desta sede se asinan electronicamente, o que implica o uso dun sistema que permite verificar a identidade dunha persona, de xeito que se pode comprobar a integridade e procedencia destes documentos.

51. Teñen a mesma validez legal as xestións realizadas nesta sede que as que se realizan a través do Rexistro Xeral da Xunta?

Exactamente a mesma. O rexistro electrónico da Xunta de Galicia, que se creou polo Decreto 164/2005, do 16 de xuño, permite a presentación, vía electrónica, de solicitudes, escritos e

comunicación e a súa validez será a mesma que a de aqueles que se presenten a través do Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.

52. Cal é o horario do rexistro electrónico da Xunta?

O Decreto 164/2005, polo que se crea o rexistro electrónico da Xunta de Galicia sinala, na súa disposición adicional segunda, que este estará en funcionamento durante as 24 horas do día, todos os días do ano. A este respecto recolle tamén que a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións a través del, a súa recepción, así como as remisións de escritos e comunicacións, rexeráse, para os efectos de cómputo dos prazos fixados en días inhábiles, polos seguintes criterios:

1. Serán considerados días inhábiles só os así declarados para todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia no calendario laboral de días inhábiles.
2. A recepción de solicitudes, escritos e comunicacións efectuadas nun día inhábil para o rexistro electrónico entenderase efectuada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte. Para estes efectos, no asento da entrada inscribíranse como data e hora de presentación aquelas nas que se produciu efectivamente a recepción; constando como data e hora de entrada as cero horas e un minuto do primeiro día hábil seguinte.
3. O rexistro electrónico non realizará nin anotará saídas de escritos e comunicacións en días inhábiles.

53. Que é un certificado electrónico?

O certificado electrónico permite identificar electronicamente a unha persoa para que esta poida asinar documentos. O seu uso é fundamental nesta sede, xa que permite asinar electronicamente a información que se envía, asegurando a súa integridade e procedencia.

Trátase, en definitiva, dun documento asinado electronicamente por unha entidade prestadora de servizos de certificación, que é a responsable de vincular a identidade do/a asinante cun conxunto de datos e, polo tanto, a de avalar a conexión entre o certificado e a persoa, física ou xurídica, que o posúe.

54. Que certificados admite a Xunta de Galicia nesta sede electrónica?

Nestes momentos a sede electrónica da Xunta de Galicia admite o uso dos seguintes sistemas de sinatura electrónica:

1. [DNI electrónico \(DNIE\)](#)
2. [Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#): de persoa física, xurídica e Administracións públicas
3. [AC Camerfirma](#): AC Camerfirma RACER e AC Camerfirma Certificados Camerais

No caso de que use un navegador Internet Explorer (IE) non funcionaría a presentación electrónica de procedementos se o usuario importou máis dun certificado. Por exemplo, non sería posible que se realizase a presentación con IE se hai instalados dous certificados da FNMT, un da FNMT e outro de DNIE.

55. Como podo obter un certificado electrónico?

O procedemento habitual consiste en realizar a solicitude do certificado a través da web da autoridade de certificación correspondente. Posteriormente o/a solicitante debe acreditar a súa identidade en algunha das oficinas habilitadas pola certificadora, onde obterá o código de solicitude que lle permitira abordar o último paso, a descarga do certificado vía internet.

Nestas ligazóns facilítase a información necesaria para a obtención dos certificados electrónicos de cada unha das entidades recoñecidas por esta sede.

1. [DNI electrónico \(DNle\)](#)
2. [Fábrica Nacional de Moeda e Timbre](#)

56. Por que necesito coñecer a data, hora e calendario oficiais?

Para calquera procedemento que vostede inicie nesta sede, a [data e hora oficiais](#) que debe ter en conta á hora de realizar un trámite non serán as do equipo desde o cal o efectúa, senón as do rexistro electrónico que utiliza a sede da Xunta, é dicir, a data e hora desta sede electrónica (que se sincronizan coas do Real Instituto e Observatorio da Armada – ROA-). Do mesmo xeito, para o relativo ao cómputo de prazos será necesario coñecer cales son [os días inhábiles](#) da Comunidade autónoma de Galicia.

O Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sinala que a **sede electrónica** da Xunta **se rexerá pola data e hora oficiais da Comunidade autónoma de Galicia** e que, á súa vez, o Rexistro electrónico o fará, para todos os efectos, pola data e hora oficiais da sede electrónica.

Asemade, o artigo 26.1 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos sinala que os rexistros electrónicos se rexerán, a efectos de cómputo dos prazos imputables, tanto aos interesados como ás Administracións públicas pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que deberá contar coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar visible.

EVALUACION E CONCESIÓN

57. Cal e prazo para emendar a solicitude presentada?

De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, se a solicitude non reúne algún dos requisitos esixidos nesta convocatoria ou nas bases reguladoras, requiriráselle ao interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. De non realizarse esta emenda, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

58. Poderá emendarse a falta de presentación ou a presentación fóra de prazo da solicitude de axuda?

Non

59. Cal será o prazo de duración do procedemento?

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nesta convocatoria, que non poderá ter unha duración superior a cinco meses.

60. Cal é procedemento de concesión de estas axudas?

Réxime de concorrencia competitiva

61. Como se valoran e seleccionan as solicitudes?

A valoración de cada solicitude que reúna os requisitos esixidos na convocatoria realizarase por expertos sobre un total de 100 puntos que se outorgarán segundo os criterios de valoración establecidos no artigo 13, que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión das subvencións.

A comisión de valoración establecida no artigo 12 considerará financiáveis as solicitudes que acaden unha puntuación mínima total igual ou superior a 60 puntos, propoñendo a concesión das solicitudes por orde decrecente ata esgotar os créditos dispoñibles, quedando, de ser o caso, como suplentes aquelas para as cales non se dispón de crédito suficiente pero que acadaron unha puntuación igual ou superior a puntuación mínima indicada.

62. Cales son os criterios de valoración e selección das solicitudes?

Os establecidos no artigo 13 da convocatoria

63. Cal é o prazo para presentar o acordo de constitución/compromiso de impulso-consolidación da unidade mixta?

No prazo máximo de 20 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión o interesado deberá achegar o acordo de constitución/compromiso de impulso-consolidación previsto no artigo 6º da convocatoria, asinado polas entidades nelas participantes, agás que fose presentado coa solicitude de axuda. Transcorrido ese prazo, en ausencia de contestación, o beneficiario perderá o dereito a percepción da subvención e tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no regulamento do citado texto legal.

64. Existen modelos para a renuncia da axuda?

Si, a renuncia poderase facer axustándose aos modelos que se publicarán na web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.es>), así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

XUSTIFICACIÓN:**65. Cómo debe realizarse a entrega da xustificación?**

A xustificación non poderá facerse por medios electrónicos, só en formato papel, debendo utilizarse os formularios normalizados dispoñibles na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.es>).

66. Cal son os prazos da presentación da documentación xustificativa en cada anualidade?

Ano 2015	31 de outubro de 2015
Ano 2016	31 de outubro de 2016
Ano 2017	31 de outubro de 2017
Ano 2018	31 de outubro de 2018

67. Dentro de que prazos poden realizarse os gastos (emisión de facturas) e realización de pagamentos dos gastos executados en cada anualidade?

Ano 2015	<p>Unidades mixtas de nova creación: Desde a data de sinatura do acordo de constitución da unidade mixta (artigo 4.3 convocatoria) ata 31 de outubro de 2015</p> <p>Unidades mixtas xa existentes: Desde a data de sinatura do compromiso de impulso/consolidación da unidade mixta (artigo 4.3 convocatoria) ata 31 de outubro de 2015</p>
Ano 2016	Desde o 1 de novembro de 2015 ata o 31 de outubro de 2016
Ano 2017	Desde o 1 de novembro de 2016 ata o 31 de outubro de 2017
Ano 2018	Desde o 1 de novembro de 2017 ata o 31 de outubro de 2018

68. Cal é a documentación que debe entregarse na xustificación?

A documentación será de tipo económico e científico-técnico e establécese no artigo 22 da convocatoria.

Ademais desta documentación a Axencia Galega de Innovación poderá requirir cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación do procedemento.

69. Como debe de presentarse a xustificación económica?

Segundo o artigo 22 da convocatoria, o organismo de investigación beneficiario presentará a xustificación económica das actividades desenvolvidas pola unidade mixta diferenciada nos tres bloques de financiamento da mesma:

- Achea da empresa
- Achea do organismo de investigación
- Axuda da Axencia Galega de Innovación

70. Como se xustifica a achega monetaria da empresa ao organismo de investigación?

Para a xustificación da achega monetaria da empresa ao organismo de investigación, presentárase:

- a) Orixinal ou copia compulsada da transferencia bancaria.
- b) Documentación xustificativa dos investimentos realizados polo organismo de investigación con cargo a citada transferencia na forma indicada nos apartados I e II do artigo 22.

71. En que artigo se inclúen as obrigas dos beneficiarios?

No artigo 20 da convocatoria

72. Contémplase a posibilidade de anticipos?

Segundo o artigo 23 da convocatoria poderán realizarse pagamentos anticipados, para elo o beneficiario deberá facer constar que opta por esta modalidade de pagamento na solicitude da subvención e no prazo máximo de 20 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión, deberá presentar a documentación que se indica a continuación, noutro caso enténdese que renuncia ao anticipo:

- a) Unha solicitude de pagamento anticipado, utilizando o modelo publicado na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.es>).
- b) A declaración do conxunto das axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo fin de todas as administracións públicas, utilizando o modelo publicado na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.es>).

- Primeira anualidade: poderá anticiparse ata o 50% do importe concedido para esa anualidade tras a publicación da resolución de concesión e se presente a documentación sinalada anteriormente.

-Anualidades seguintes: poderá anticiparse ata o 50% do importe da subvención concedida para a anualidade correspondente, tras a xustificación e pagamento da anualidade anterior. No caso de que a xustificación da anualidade anterior sexa insuficiente e dea lugar a unha minoración da subvención, o importe minorado detraeráse do importe desta anualidade.

73. Cando se efectuarán os pagamentos non anticipados?

Os pagamentos non anticipados faranse efectivos, para cada anualidade, unha vez presentada e comprobada a correcta xustificación da execución das actividades da unidade mixta para ese período.

74. É preciso a presentación de garantías para os pagamentos á conta ou anticipos?

Non é preciso a presentación de garantías de acordo co disposto nos artigos 65.4 e 67.4 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

75. Realizaranse actividades de inspección e control por parte da Axencia Galega de Innovación?

A Axencia Galega de Innovación convocará anualmente a entidade beneficiaria a unha entrevista para coñecer a planificación das actividades da unidade mixta de investigación en curso e valorar a consecución dos resultados e obxectivos do ano anterior.

Previo ao pagamento final da subvención será obrigatorio a realización dunha actividade de inspección por parte da Axencia Galega de Innovación.

Así mesmo, a Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinaron a concesión da subvención, de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/2007.